

Como sabedes o **expediente de creación de complementos** que no seu momento foi presentado pola Subcomisión paritaria do ministerio e os seus organismos autónomos foi rexeitado por Facenda.

Agora chegouse a un novo acordo na Subcomisión para tramitar a **proposta** de creación de complementos en tres envíos, e dicir **tres expedientes**;

- o primeiro o día 23 de xuño e conterà a proposta de complementos para a rede de oficinas de prestacións do SEPE, e as Unidades administrativas do FOGASA.
- o segundo o día 4 de xullo e conterà a proposta de complementos para a Inspección de traballo e os do Departamento.
- o terceiro o día 27 de xullo e conterà as Direccións provinciais do SEPE.

Como ben sabedes desde CIG estamos totalmente a favor da creación de complementos que melloren as nosas retribucións e que retribúan as tarefas e funcións que realizamos no noso día a día. Pero estamos en contra da forma en que se financian estes complementos, que é sinxelamente a amortización de postos de traballo o que ao final redunda nun empobrecemento das nosas RPT's, das nosas posibilidades de mobilidade e do emprego público.